



Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

1. Antecedentes:

Por Resolución do 5 de decembro de 2023 (DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023), publicáronse as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2024 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 54 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 4.4. das bases reguladoras da axuda:

1º Dimensión do proxecto. En función do número de empresas participantes (mínimo 6 empresas): 5 puntos por cada empresa por enriba do mínimo definido ata un máximo de 20 puntos. A efectos de baremación, obtérase a máxima puntuación para 10 empresas participantes.

2º Calidade técnica do proxecto: ata 50 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

i. Madurez da proposta en canto á definición da temática e obxectivos do espazo de encontro. Ata 40 puntos.

a. Descrición do proxecto (15 puntos):

- Grao de análise previa e obxectivos: descrición clara e concreta do problema ou a necesidade que se pretende abordar no obradoiro e obxectivos previstos (10 puntos).
- Grao de elaboración, concreción e claridade na definición da proposta (5 puntos).

b. Adecuación do proxecto (15 puntos):

- Descrición de aspectos claves, actuacións, entregables (10 puntos).
- Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).

c. Definición de indicadores para medir o éxito do obradoiro e resultados esperados (10 puntos).

ii. Diversidade en canto á posición na cadea de valor sectorial das empresas participantes. Ata 5 puntos.

iii. Propostas concretas de colaboración co Igape na difusión dos resultados dos proxectos. Ata 5 puntos.

3º Impacto da temática do obradoiro nos retos da RIS3 para Galicia: 10 puntos, que se outorgarán comparativamente aos proxectos en función do seu grao de encaixe con algún ou varios dos retos definidos na RIS3 Galicia.

4º Experiencia do organismo intermedio na xestión de proxectos colaborativos finalizados a partir do 1 de xaneiro de 2021, ata un máximo de 20 puntos: 2 puntos por cada proxecto de dinamización de grupos finalizado con resultados cuantificables; exclusivamente proxectos de subvención que involucren a participación e coordinación de múltiples entidades.

En caso de empate nas puntuacións, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio 2º. Se aínda así seguise existindo empate, decidírase pola maior puntuación nos criterios 1º, 3º, 4º e 5º, por esa orde. En caso de persistir o empate, determinarase a precedencia polo número de expediente máis baixo. Os proxectos deberán acadar 50 puntos na baremación para seren aprobados.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 54 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SOSTIBILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA, con data 29/05/2024.

2. Resolvo:



Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións ás 34 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada unha delas e que supoñen un total de 608.175,32 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 8 solicitudes presentadas polas persoas interesadas que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 12 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada persoa beneficiaria derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 12.3 das bases reguladoras.

Habilítase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

| ÓRGANO EMISOR | TITULAR | LUGAR DE EMISIÓN | DATA |
|----------------------------|----------------------|------------------------|----------------------------|
| A directora xeral do Igape | Covadonga Toca Carús | Santiago de Compostela | A indicada no pé de páxina |



ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Puntuación | Prazo de execución | Prazo de xustificación | Importe subvencionable | % de subvención | Subvención |
|-----------------|--|---|------------|--------------------|------------------------|------------------------|-----------------|------------|
| IG239.2024.1.28 | ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212) | ENFOQUE HOLISTICO BASADO EN I+D+i PARA EL SECTOR LÁCTEO. | 96,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 11.525,40 | 100,00 | 11.525,40 |
| IG239.2024.1.33 | ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212) | OBRADOIROS PARA LA SOSTENIBILIDAD Y DESCARBONIZACIÓN DE LA INDUSTRIA ALIMENTARIA GALEGA: CICLOS DE CARBONO ALIMENTARIOS SOSTENIBLES | 96,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 14.998,17 | 100,00 | 14.998,17 |
| IG239.2024.1.16 | FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575) | Taller El vehículo del Futuro 2ª Edición | 94,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 23.099,23 | 100,00 | 23.099,23 |
| IG239.2024.1.21 | FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575) | Taller de Optimización y digitalización de la logística interna | 94,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 22.472,71 | 100,00 | 22.472,71 |
| IG239.2024.1.29 | ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212) | TALLERES MULTIDISCIPLINARES DE DIGITALIZACIÓN Y SOSTENIBILIDAD INDUSTRIA TRANSFORMADORA DE CARNE Y PESCADO | 94,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 11.542,41 | 100,00 | 11.542,41 |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Puntuación | Prazo de execución | Prazo de xustificación | Importe subvencionable | % de subvención | Subvención |
|-----------------|--|---|------------|--------------------|------------------------|------------------------|-----------------|------------|
| IG239.2024.1.30 | FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575) | Taller GREEN FACTORY | 94,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 23.088,08 | 100,00 | 23.088,08 |
| IG239.2024.1.45 | ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774) | Obradoiro Green Industry | 84,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 22.504,00 | 100,00 | 22.504,00 |
| IG239.2024.1.52 | ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166) | Casos de éxito de Robótica e Automatización na Industria Galega (ROBOTINDUSTRY) | 84,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 24.900,00 | 100,00 | 24.900,00 |
| IG239.2024.1.18 | CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LUGO (G27019793) | "OBRADOIRO SOSTENIBILIDAD Y ECONOMÍA CIRCULAR: OPORTUNIDADES DE FUTURO PARA LUGO" | 82,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 20.032,22 | 100,00 | 20.032,22 |
| IG239.2024.1.31 | ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774) | Obradoiro digitalización avanzada en Industrias del Metal | 82,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 17.946,22 | 100,00 | 17.946,22 |
| IG239.2024.1.43 | VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563) | CIRCULARIDAD Y CICLO DEL AGUA | 77,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 16.133,33 | 100,00 | 16.133,33 |
| IG239.2024.1.2 | CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES (G70284120) | SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA E ECONOMÍA CIRCULAR | 76,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 25.000,00 | 100,00 | 25.000,00 |
| IG239.2024.1.3 | CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES | TALLERES DIXITALIZACIÓN | 76,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 25.000,00 | 100,00 | 25.000,00 |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Puntuación | Prazo de execución | Prazo de xustificación | Importe subvencionable | % de subvención | Subvención |
|-----------------|--|--|------------|--------------------|------------------------|------------------------|-----------------|------------|
| | (G70284120) | | | | | | | |
| IG239.2024.1.7 | CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837) | Obradoiro digitalización Plan 2 millóns | 74,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 15.147,59 | 100,00 | 15.147,59 |
| IG239.2024.1.42 | VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563) | DIGITALIZACIÓN EN PROYECTOS DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS PLÁSTICOS y TEXTILES | 73,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 23.191,67 | 100,00 | 23.191,67 |
| IG239.2024.1.25 | ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA (G94194594) | Obradoiro para o impulso do transporte intelixente e conectado | 71,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 13.853,38 | 100,00 | 13.853,38 |
| IG239.2024.1.17 | ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA (G70259312) | Sostenibilidade y Logística 4.0 en empresas Bioga | 70,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 13.850,37 | 100,00 | 13.850,37 |
| IG239.2024.1.38 | CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219) | TALLERES MULTIDISCIPLINARES DE DIGITALIZACION Y LOGISTICA: SECTOR LOGISTICA Y DISTRIBUCION | 70,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 25.000,00 | 100,00 | 25.000,00 |
| IG239.2024.1.39 | ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338) | Trasformación Estratégica del Sector Naval. | 70,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 20.800,95 | 100,00 | 20.800,95 |
| IG239.2024.1.40 | CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219) | TALLERES MULTIDISCIPLINARES SECTOR GESTION DE RESIDUOS | 70,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 25.000,00 | 100,00 | 25.000,00 |
| IG239.2024.1.5 | CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837) | Procesos de transformación dixital en Pemes da Industria do Deporte e o Benestar | 68,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 15.147,59 | 100,00 | 15.147,59 |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Puntuación | Prazo de execución | Prazo de xustificación | Importe subvencionable | % de subvención | Subvención |
|-----------------|---|---|------------|--------------------|------------------------|------------------------|-----------------|------------|
| IG239.2024.1.6 | CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837) | Digitalización Red de Rutas Saludables | 68,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 15.147,59 | 100,00 | 15.147,59 |
| IG239.2024.1.47 | ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439) | NECESIDADES E RESPOSTAS TECNOLOXÍAS NAS EMPRESAS DA MADEIRA ANTEO O RETO DO REGRAMENTO EUDR | 68,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 21.438,64 | 100,00 | 21.438,64 |
| IG239.2024.1.24 | ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS (G36345718) | OBRADOIROS MULTIDISCIPLNARES DE DIXITALIZACIÓN DO SECTOR DOS ÁRIDOS GALEGOS | 67,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 22.765,59 | 100,00 | 22.765,59 |
| IG239.2024.1.26 | ASOCIACIÓN INNOVACIÓN DIGITAL EN LOS PROCESOS DE FABRICACIÓN - INFABHUB (G27881499) | Obradoiro Ciberseguridad Avanzada en los Procesos de Fabricación Industrial | 62,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 7.260,00 | 100,00 | 7.260,00 |
| IG239.2024.1.48 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA (G15029960) | Espazos de encontro de economía circular para o sector alimentario. | 62,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 14.722,08 | 100,00 | 14.722,08 |
| IG239.2024.1.20 | CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA (G70115282) | Exploración de tecnoloxías DATA a través del entrenamiento practico guiado. Talleres de aprendizaje | 59,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 13.081,87 | 100,00 | 13.081,87 |
| IG239.2024.1.37 | ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA (G70259312) | La biotecnología como palanca de resiliencia en el sector agroalimentario | 59,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 16.644,44 | 100,00 | 16.644,44 |
| IG239.2024.1.13 | CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039) | OBRADOIRO 2 | 58,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 16.371,30 | 100,00 | 16.371,30 |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Puntuación | Prazo de execución | Prazo de xustificación | Importe subvencionable | % de subvención | Subvención |
|-----------------|---|--|------------|--------------------|------------------------|------------------------|-----------------|------------|
| IG239.2024.1.14 | CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039) | IA y Marketing Digital: Jornada de tecnoloxías y marketing del sector textil | 58,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 16.371,30 | 100,00 | 16.371,30 |
| IG239.2024.1.44 | VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563) | HIBRIDACIÓN DE BIOECONOMÍA CIRCULAR | 57,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 16.536,67 | 100,00 | 16.536,67 |
| IG239.2024.1.1 | ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA-CFV (G36823094) | TALLERS MULTIDISCIPLINARES DE DIGITALIZACIÓN, SOSTENIBILIDAD Y LOGÍSTICA AVANZADA EN EL TEJIDO EMPRESARIAL | 54,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 15.018,55 | 100,00 | 15.018,55 |
| IG239.2024.1.9 | CEGASAL (G15616287) | Tecnoloxías para la mejora en DATA, Sostenibilidad y Logística en CEGASAL | 54,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 13.111,97 | 100,00 | 13.111,97 |
| IG239.2024.1.41 | ASOCIACION DE EMPRESARIOS DA 1ª TRANSFORMACION DA MADEIRA DE LUGO (G27030915) | OBRADOIRO 4.0.: APP-PLATAFORMA WEB PREVEFOR | 50,00 | 30/06/2025 | 30/06/2025 | 9.472,00 | 100,00 | 9.472,00 |

TOTAL:

608.175,32



ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de denegación |
|-----------------|---|---|--|
| IG239.2024.1.8 | CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA (G42740837) | Obradoiro Transición sostenible del deporte gallego | Incumprimento do artº 6.2 das bases reguladoras, que establece que "Cada organismo intermedio poderá presentar un máximo de tres proxectos na mesma convocatoria. No caso de que algún organismo intermedio presente máis de tres proxectos, serán unicamente considerados os tres primeiros, por estrita orde de entrada". Ao constar 4 proxectos presentados por este mesmo organismo considéranse os 3 primeiros (exptes.: IG239.2024.1.5, IG239.2024.1.6 e IG239.2024.1.7). |
| IG239.2024.1.15 | UNIONS AGRARIAS (G15115322) | Obradoiros Agrogandería 4.0 | Incumprimento do art. 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas segundo o cal poderase subvencionar: "Ata o 100% do orzamento total do proxecto en Gastos de persoal do organismo intermedio, sempre que éste acredite unha experiencia baremable mínima de 3 proxectos de dirección e dinamización de grupos desenvolvidos con persoal propio nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude da axuda. Esta experiencia deberá declararse no formulario electrónico de solicitude de axuda e describirse en detalle na memoria requirida no artigo 7.1.a), indicando para os proxectos que acrediten a experiencia da entidade, cando menos, temática destes, número de integrantes dos grupos, metodoloxía de dinamización utilizada, obxectivos e resultados acadados." Na documentación presentada, a entidade alega 5 proxectos: |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de denegación |
|-----------------|-----------------------------|-------------------------------|--|
| | | | <ul style="list-style-type: none">- Dous proxectos formativos, que non se consideran de dinamización de grupos;- Dous proxectos que finalizan no ano 2024, dos que non queda acreditado que estean finalizados na data da solicitude;- Un proxecto en curso con data de finalización estimada no 2026. <p>Ao non quedar acreditada a experiencia mínima de 3 proxectos e consistir o 100% do orzamento para o que se solicita a axuda en gastos de persoal, o proxecto non se considera subvencionable.</p> |
| IG239.2024.1.22 | UNIONS AGRARIAS (G15115322) | Obradoiro Abonado Sustentable | <p>Incumprimento do art. 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas segundo o cal poderase subvencionar: "Ata o 100% do orzamento total do proxecto en Gastos de persoal do organismo intermedio, sempre que éste acredite unha experiencia baremable mínima de 3 proxectos de dirección e dinamización de grupos desenvolvidos con persoal propio nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude da axuda. Esta experiencia deberá declararse no formulario electrónico de solicitude de axuda e describirse en detalle na memoria requirida no artigo 7.1.a), indicando para os proxectos que acrediten a experiencia da entidade, cando menos, temática destes, número de integrantes dos grupos, metodoloxía de dinamización utilizada, obxectivos e resultados acadados. "</p> <p>Na documentación presentada, a entidade alega 5 proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Dous proxectos formativos, que non se consideran de dinamización de grupos;- Dous proxectos que finalizan no ano 2024, dos que non queda |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de denegación |
|-----------------|---|---|--|
| | | | acreditado que estean finalizados na data da solicitude; - Un proxecto en curso con data de finalización estimada no 2026. Ao non quedar acreditada a experiencia mínima de 3 proxectos e consistir o 100% do orzamento para o que se solicita a axuda en gastos de persoal, o proxecto non se considera subvencionable. |
| IG239.2024.1.23 | ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA (G36969525) | OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES PARA LA RESOLUCIÓN DE RETOS EN LA DIXITALIZACIÓN, SOTENIBILIDAD Y LOGÍSTICA DEL SECTOR TURISMO DE GALICIA | Segundo o estipulado no art. 3 das bases reguladoras, os gastos subvencionables deben reflectir o valor de mercado e a comparabilidade con prestacións similares. Isto implica que calquera gasto e porcentaxe de dedicación en relación co persoal, incluídos os directivos, debe estar en liña co que se considera razoable e competitivo e ser coherente no conxunto de expedientes concedidos na convocatoria, circunstancias que non se dan neste caso ao indicar como gastos de execución do proxecto Gastos de persoal por importe de 10 €. |
| IG239.2024.1.35 | UNIONS AGRARIAS (G15115322) | Obradoiro Gandería Intelixente | Incumprimento do art. 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas segundo o cal poderase subvencionar: "Ata o 100% do orzamento total do proxecto en Gastos de persoal do organismo intermedio, sempre que éste acredite unha experiencia baremable mínima de 3 proxectos de dirección e dinamización de grupos desenvolvidos con persoal propio nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude da axuda. Esta experiencia deberá declararse no formulario electrónico de solicitude de axuda e describirse en detalle na memoria requirida no artigo 7.1.a), indicando para os proxectos que acrediten a experiencia da entidade, cando menos, temática destes, número de integrantes dos grupos, metodoloxía de dinamización utilizada, obxectivos e resultados acadados." Na documentación presentada, a entidade alega 5 proxectos: - Dous proxectos formativos, que non se consideran de dinamización |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de denegación |
|-----------------|--|---|---|
| | | | de grupos; <ul style="list-style-type: none">- Dous proxectos que finalizan no ano 2024, dos que non queda acreditado que estean finalizados na data da solicitude;- Un proxecto en curso con data de finalización estimada no 2026. Ao non quedar acreditada a experiencia mínima de 3 proxectos e consistir o 100% do orzamento para o que se solicita a axuda en gastos de persoal, o proxecto non se considera subvencionable. |
| IG239.2024.1.46 | CLUSTER DO ECOMMERCE GALEGO (G10774727) | Obradoiro de optimización del comercio electrónico de Galicia para afrontar los retos de competitividad a través de la digitalización, la sostenibilidad y nuevas tecnologías para logística avanzada | Incumplimento do art. 4.4 das bases reguladoras das axudas segundo o cal os proxectos deberán acadar 50 puntos na baremación para seren aprobados. A puntuación acadada é de 41 puntos |
| IG239.2024.1.49 | CLUSTER TIC GALICIA (G70157581) | Obradoiro para a transformación dixital do Turismo, a Cultura e o Patrimonio - Loop Congress | Incumplimento do art. 4.4 das bases reguladoras das axudas segundo o cal os proxectos deberán acadar 50 puntos na baremación para seren aprobados. A puntuación acadada é de 39 puntos |
| IG239.2024.1.50 | ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961) | Mapeado de las necesidades para alimentar la cartera de proyectos tecnológicos 4.0 del sector del granito | Incumplimento do art. 4.4 das bases reguladoras das axudas segundo o cal os proxectos deberán acadar 50 puntos na baremación para seren aprobados. A puntuación acadada é de 23 puntos |



ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de arquivo |
|-----------------|---|---|---------------------------------------|
| IG239.2024.1.4 | FEDERACION COMARCAL DE EMPRESARIOS DE AROUSA (FECA) (G36013084) | TALLERES MULTIDISCIPLINARES DE DIGITALIZACION, SOSTENIBILIDAD Y LOGISTICA AVANZADA EN EL TEJIDO EMPRESARIAL DE LA COMARCA DE AROUSA | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.10 | ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA (G42965343) | TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO SECTOR DA BIOMASA: FERRAMENTAS DIXITAIS COLABORATIVAS PARA A XESTIÓN INTERNA PRODUTIVA E EFICIENTE | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.11 | ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA (G42965343) | POTENCIAL DA BIOMASA NO IMPULSO DA INDUSTRIA VERDE E CIRCULAR | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.12 | ASOC. GALLEGA DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓXICOS (G36942720) | A Intelixencia artificial como soporte estratéxico da actividade da enxeñería e a arquitectura | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.19 | AGMMA (ASOCIACION GALLEGA DE MOLDISTAS, MATRICEROS Y AFINES) (G36912962) | IMPLEMENTACION DE HERRAMIENTAS DIGITALES | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.27 | FUNDACIÓN EMPLEO VERDE (G06871214) | DIXITALIZACIÓN CARA A INDUSTRIA 4.0 NO SECTOR DA PEDRA NATURAL (GRANITO) | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.32 | GALICIA DESIGN (G10838407) | OBRADOIRO DISEÑO SUSTENTABLE DE EVENTOS | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |



| Expediente núm. | Titular | Título do proxecto | Motivo de arquivo |
|-----------------|--|---|--|
| IG239.2024.1.34 | GALICIA DESIGN (G10838407) | OBRADOIRO DESEÑO SUSTENTABLE DE MODA | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.36 | GALICIA DESIGN (G10838407) | DESEÑO SUSTENTABLE DE PACKAGING ALIMENTARIO | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.51 | ASOC. EMPRESARIAL DE VALDEORRAS (G32114423) | TALLERES SECTOR ENOLÓGICO VALDEORRAS | ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN |
| IG239.2024.1.53 | ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166) | | ARQUIVO POR SOLICITUDE SIN IDE OU CON IDE INCORRECTO |
| IG239.2024.1.54 | ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166) | | ARQUIVO POR SOLICITUDE SIN IDE OU CON IDE INCORRECTO |